


LUGO
PEDRA A PEDRA
2015



LUGO
PIEDRA A PIEDRA
2015

Programa de actividades xeolóxicas

O Concello de Lugo desde vai uns anos desenvolve actuacións de promoción turística que tratan de difundir os atractivos tradicionais por excelencia, como son a Muralla Romana, os monumentos, a gastronomía ou as festas. Esta labor resulta imprescindible para posicionar a cidade como destino turístico, pero ademais de apostar por estes elementos máis coñecidos, desde esta concellería propoñemos abordar enfoques novos, como xa fixemos o ano pasado coa xeoloxía, e volvemos celebrar unha nova edición de Lugo Pedra a Pedra. O programa de actividades deste ano ten como fío condutor o feito de que 2015 foi designado pola UNESCO como Ano Internacional dos Solos.

Os solos, ademais de seren un elemento estrutural do terreo, son unha fonte de información moi valiosa en xeoloxía, xa que proporcionan

datos sobre a evolución do planeta ao longo dos tempos. Así, grazas aos solos, os xeólogos poden sacar conclusións do pasado útiles para interpretar o presente e planificar o futuro respectando as leis da natureza.

Lugo Pedra a Pedra propón unha serie de actividades coas que os participantes estarán permanentemente en contacto co patrimonio xeolóxico de Lugo. Aprenderán a identificar os principais materiais pétreos do subsolo, serán capaces de analizar as dinámicas da xeoloxía actual (fundamentalmente o medio fluvial) e tamén conseguirán introducirse no apaixonante mundo da historia xeolóxica procurando as pegadas de épocas pretéritas que aínda son visíbeis na cidade e arredores. Todo iso coa finalidade de valorizar o patrimonio natural desde a perspectiva xeolóxica e coa máxima fidelidade a unha sensibilización ambiental responsable.

Actividades

1. RUTA URBANA XEOLOXÍA DO LUGO ROMANO Xoves 2 de abril e Sábado 4 de abril das 12 ás 14h

Itinerario Miradoiro da Volta da Viña - Miradoiro do Parque Marcos Cela - Río Miño (termas e ponte) - Calzada da Ponte - Rúa Bon Xesús - Rúa Bispo Aguirre. **Público** todas as idades

Esta ruta urbana consiste en coñecer a orixe xeolóxica da cidade desde a perspectiva do mundo romano. Os romanos tiñan un elevado pragmatismo e espírito práctico. Iso levounos a aproveitar todos os recursos naturais que a cidade ofrecía hai 2000 anos para erguer todos os monumentos que fan de Lugo un auténtico museo ao aire libre desta civilización.

A xeoloxía do Lugo romano incidirá nas formas do relevo tan características da cidade e que foron determinantes para o asentamento da Lucus Augusti. As mineralizacións asociadas ao Miño e ao xisto precámbrico presentes no subsolo tamén serán obxecto de análise para comprender o esquema construtivo romano. O aproveitamento da calor terrestre en forma de baños termais tampouco será esquecida e aínda haberá espazo para falar das pegadas da tectónica hercínica que tan importante é na configuración xeolóxica de Lugo e da súa bisbarra. Por último, daranse indicacións para aprender a diferenciar os materiais pétreos autóctonos dos alóctonos que adornan as vellas rúas lucenses.

2. PASEO XEOLOXICO POLO TREITO URBANO DA VÍA ROMANA XIX Domingo 10 de maio das 11 ás 18 horas

Itinerario Nadela - Lugo cidade - O Burgo - San Román de Retorta (26 Km) **Público** todas as idades.

Afondando na temática romana, nesta ocasión aproveitaremos un trazado histórico de capital importancia social e cultural non só para Lugo senón tamén para toda Galicia e o norte de Portugal. Trátase de comentar e difundir os aspectos xeolóxicos asociados á Vía Romana XIX como, por exemplo, o estilo construtivo, a utilización de rochas autóctonas e alóctonas, as diferentes litoloxías do subsolo, o talude de entrada a cidade rico en minerais e faias, o Miño, a ponte romana, o termalismo, o domo de Lugo, así como outros elementos curiosos xa na zona urbana.

3. XORNADA SEDIMENTOLÓXICA Sábado 16 de maio das 11 ás 18 horas

Itinerario Ponte romana - Paseo fluvial - Parque Marcos Cela - Parque Rosalía de Castro - Barrio da Mina - Ponte da Chanca - Ribeira do Rato até a confluencia co Miño 16 **Público** todas as idades

A xornada sedimentolóxica xorde co gallo de dar a coñecer as propiedades dos solos: texturas, cores, granulometrías, nivel de porosidade, permeabilidade, etc. incluíndo a análise da calidade das augas. Trátase dun percorrido periurbano teórico-divulgativo, mais cunha orientación eminentemente práctica durante o cal se observarán e analizarán in situ os diferentes solos nas súas múltiples e variadas formas.

4. XOGO DO RELOXO XEOLOXICO Sábado 30 de maio das 18 ás 20 horas

Lugar de realización Parque do Sagrado Corazón **Público** todas as idades, en especial familias

O 30 de maio conmemórase o Día Mundial do Xeólogo. Por iso, que mellor maneira de festexar esa data que xogar co tempo? A escala temporal ten en xeoloxía un valor esencial. Todo se mide en millóns de anos, o que esixe unha grande capacidade de abstracción para entender calquera proceso. Este xogo nace coa finalidade de axudar a entender como se configurou a paisaxe lucense ao longo dos últimos 700 millóns de anos. Para iso, o Parque do Sagrado Corazón servirá de escenario para unha proba en que as persoas terán que completar un puzzle xeolóxico por equipos seguindo unhas instrucións nun tempo limitado que se corresponde coa formación real dos ditos eventos xeolóxicos.

5. XOGOS PRECÁMBRICOS Sábado 6 de xuño das 18 ás 21 horas

Lugar de realización arredores da Ponte Romana e o paseo fluvial **Público** infantil e xuvenil

Esta actividade está concibida por unha parte para render homenaxe ao glorioso pasado romano da cidade e por outra banda para ligar disciplinas como cultura, xeoloxía e deporte. Os Xogos Precámbricos son unha especie de miniolimpiada onde os participantes terán que afrontar por equipos diferentes desafíos relacionados co pasado xeolóxico da cidade. Os vencedores serán laureados como Roma ben sabía recompensar os seus heroes.

6. XINCANA XEOLOXICA LUCUS PETREUS Sábado 27 de xuño das 18 ás 20 horas

Lugar de realización arredores da Catedral, Praza Maior, Praza do Campo e rúas próximas a estes espazos **Público** todas as idades

A xincana xeolóxica consiste nunha serie de xogos que terán que ser resoltos por equipos nunha zona moi concreta do recinto amurallado. Os xogos á súa vez versarán fundamentalmente sobre os tesouros xeolóxicos de natureza mineralóxica e petrolóxica agochados nas paredes, nos pavimentos e tamén nalgún que outro monumento. A finalidade é axudar a ver as históricas pedras lucenses con outros ollos e a valorizar a beleza do cotián, moitas veces esquecida pola rutina. Os equipos deberán resolver unha secuencia de probas de pesquisa no menor tempo posible. Os gañadores recibirán unha merecida recompensa.

Programa de actividades geológicas

El Concello de Lugo desde hace años desarrolla actuaciones de promoción turística que tratan de difundir los atractivos tradicionales por excelencia, como son la Muralla Romana, los monumentos, la gastronomía o las fiestas. Este trabajo resulta imprescindible para posicionar la ciudad como destino turístico, pero además de apostar por estos elementos más conocidos, desde esta concellería proponemos abordar enfoques novedosos, como ya hicimos el año pasado con la geología, y volver a celebrar una nueva edición de Lugo Piedra a Piedra.

El programa de actividades de este año tiene como hilo conductor el hecho de que 2015 fue designado por la UNESCO como Año Internacional de los Suelos.

Los suelos, además de ser un elemento estructural del terreno, son una fuente de información muy valiosa en geología, ya que proporcionan

datos sobre la evolución del planeta al largo de los tiempos. Así, gracias a los suelos, los geólogos pueden sacar conclusiones del pasado útiles para interpretar el presente y planificar el futuro respetando las leyes de la naturaleza.

Lugo Piedra a Piedra propone una serie de actividades con las que los participantes estarán permanentemente en contacto con el patrimonio geológico de Lugo. Aprenderán a identificar los principales materiales pétreos del subsuelo, serán capaces de analizar las dinámicas de la geología actual (fundamentalmente el medio fluvial) y también conseguirán introducirse en el apasionante mundo de la historia geológica procurando las huellas de épocas pretéritas que aún son visibles en la ciudad y alrededores. Todo eso con la finalidad de valorizar el patrimonio natural desde la perspectiva geológica y con la máxima fidelidad a una sensibilización ambiental responsable.

Actividades

1. RUTA URBANA GEOLOGÍA DEL LUGO ROMANO Jueves 2 de abril e Sábado 4 de abril de las 12 a las 14h
Itinerario Miradoiro da Volta da Viña - Miradoiro del Parque Marcos Cela - Río Miño (Termas y Puente) - Calzada da Ponte - rúa Bon Xesús - rúa Bispo Aguirre. **Público** todas las edades

Esta ruta urbana consiste en conocer el origen geológico de la ciudad desde la perspectiva del mundo romano. Los romanos tenían un elevado pragmatismo y espíritu práctico. Eso los llevó a aprovechar todos los recursos naturales que la ciudad ofrecía hace más de 2.000 años para levantar todos los monumentos que hacen de Lugo un auténtico museo al aire libre de esta civilización.

La geología del Lugo romano incidirá en las formas del relieve tan características de la ciudad y que fueron determinantes para el asentamiento de Lucus Augusti. Las mineralizaciones asociadas al Miño y al xisto precámbrico presentes en el subsuelo también serán objeto de análisis para comprender el esquema constructivo romano. El aprovechamiento del calor terrestre en forma de baños termales tampoco será olvidada y aun habrá espacio para hablar de las huellas de la tectónica hercínica que tan importante es en la configuración geológica de Lugo y de su comarca. Por último, se darán indicaciones para aprender a diferenciar los materiales pétreos autóctonos de los alóctonos que adornan las viejas calles lucenses.

2.- PASEO GEOLÓGICO POR EL TRAMO URBANO DE LA VÍA ROMANA XIX Domingo 10 de mayo de 11 a 18 horas

Itinerario Nadela - Lugo ciudad - El Burgo - San Román da Retorta (26 Km) **Público** todas las edades

Profundizando en la temática romana, en esta ocasión aprovecharemos un trazado histórico de capital importancia social y cultural, no solo para Lugo sino también para toda Galicia y el norte de Portugal.

Se trata de comentar y difundir los aspectos geológicos asociados a la Vía Romana XIX como, como por ejemplo, el estilo constructivo, la utilización de rocas autóctonas y alóctonas, las diferentes litologías del subsuelo, el talud de entrada a la ciudad rico en minerales, el Miño, el puente romano, el termalismo, así como otros elementos curiosos ya en la zona urbana.

3.- JORNADA SEDIMENTOLÓGICA Sábado 16 de mayo de 11 a 18 horas

Itinerario Ponte romana - Paseo fluvial - Parque Marcos Cela - Parque Rosalía de Castro - Barrio da Mina - Ponte da Chanca - Ribeira do Rato hasta la confluencia con el río Miño (16 Km)
Público todas las edades

La jornada sedimentológica surge con el objetivo de dar a conocer las propiedades de los suelos: texturas, colores, granulometrías, nivel de porosidad, permeabilidad, etc. incluyendo el análisis de la calidad de las aguas. Se trata de un recorrido periurbano teórico-divulgativo, mas con una orientación eminentemente práctica durante lo cuál se observarán y analizarán in situ los diferentes suelos en sus múltiples y variadas posibilidades.

4.- JUEGO DEL RELOJ GEOLÓGICO Sábado 30 de mayo de 18 a 20 horas

Lugar de realización Parque del Sagrado Corazón **Público** todas las edades, en especial familias

El 30 de mayo se conmemora el Día Mundial del Geólogo. A cuyo objeto, que mejor manera de festejar esa fecha que jugar con el tiempo? La escala temporal tiene en geología un valor esencial. Todo se mide en millones de años, lo que exige una grande capacidad de abstracción para entender cualquier proceso.

Este juego nace con la finalidad de ayudar a entender cómo se configuró el paisaje lucense al largo de los últimos 700 millones de años. Para eso, el Parque del Sagrado Corazón servirá de escenario para una prueba en que las personas tendrán que completar un puzzle geológico por equipos siguiendo unas instrucciones en un tiempo limitado que se corresponde con la formación real de dichos eventos geológicos.

5.- JUEGOS PRECÁMBRICOS Sábado 6 de junio de 18 a 21 horas

Lugar de realización alrededores del Puente Romano y el paseo fluvia **Público** infantil y juvenil

Esta actividad está concebida por una parte para rendir homenaje al glorioso pasado romano de la ciudad y por otra parte para ligar disciplinas como cultura, geología y deporte. Los Juegos Precámbricos son una especie de miniolimpiada donde los participantes tendrán que enfrentar por equipos diferentes desafíos relacionados con el pasado geológico de la ciudad. Los vencedores serán laureados como Roma bien sabía recompensar sus héroes.

6.- GINCANA GEOLÓGICA LUCUS PETREUS Sábado 27 de junio de 18 a 20 horas

Lugar de realización alrededores de la Catedral, plaza Mayor, plaza del Campo y calles próximas a estos espacios **Público** todas las edades

La gincana geológica consiste en una serie de juegos que tendrán que ser resueltos por equipos en una zona muy concreta del recinto amurallado. Los juegos, a su vez, versarán fundamentalmente sobre los tesoros geológicos de naturaleza mineralógica y petrológica escondidos en las paredes, en los pavimentos y también en algún que otro monumento. La finalidad es ayudar a ver las históricas piedras lucenses con otros ojos y a valorizar la belleza del cotidiano, muchas veces olvidada por la rutina. Los equipos deberán resolver una secuencia de pruebas de búsqueda en el menor tiempo posible. Los ganadores recibirán una merecida recompensa.



Concello de Lugo

Concellería de Cultura, Turismo
Xuventude e Promoción da Lingua

INSCRICIONS Todas as actividades de Lugo Pedra a Pedra 2015 son gratuitas. Para participar hai que inscribirse na Oficina Municipal de Turismo, praza do Campo, 11. Teléfono 982 251 658. Enderezo electrónico: lugoturismo@concellodelugo.org

INSCRIPCIONES Todas las actividades de Lugo Piedra a Piedra 2015 son gratuitas. Para participar hay que inscribirse en la Oficina Municipal de Turismo, plaza del Campo, 11. Teléfono 982 251 658. Dirección electrónica: lugoturismo@concellodelugo.org